



Concello  
de Nigrán

## ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE RECOLLIDA DO LIXO

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

### NIGRÁN

#### Ordenanzas e Regulamentos

#### APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN 5 ORDENANZAS FISCAIS

Rematado o periodo de exposición ao público sen formularse ningunha reclamación ás modificacións de cinco ordenanzas fiscais deste Concello aprobadas polo Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 29 de outubro de 2015, cumprindo o establecido no artigo 17.4 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, publíquese o texto íntegro das cinco ordenanzas citadas, incluíndo as modificacións definitivamente aprobadas:

#### **Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida do lixo**

##### *Artigo 1.—Fundamento e natureza*

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo (texto refundido da Lei reguladora das facendas locais), o Concello de Nigrán establece a Taxa pola recollida do lixo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

##### *Artigo 2.—Feito imponible*

1.—Constitúe o feito imponible desta taxa, a prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida de residuos sólidos urbanos no termo municipal de Nigrán, o seu transporte aos centros de eliminación e posterior tratamento. Quedan fora do ámbito de aplicación da presente Ordenanza os residuos que, procedentes de calquera actividade ou servizo, estean incluídos pola normativa legal e regulamentaria de aplicación, dentro dos considerados como tóxicos ou perigosos, para a recollida dos cales requírese a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

2.—Entenderase de recepción obrigatoria o servizo prestado a tódalas vivendas, que estean en condicións de habitabilidade ou utilización, con independencia de que estean ou non habitadas ou utilizadas.



Así mesmo, tamén se entenderá de recepción obrigatoria o servizo prestado a tódolos locais, aloxamentos e establecementos que estean en condicións de ocupación e/ou utilización, sempre que nos mesmos se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, artísticas ou de outros usos.

3.—Considérase obxecto tributario da taxa cada unha das vivendas individuais ou locais que forman parte dun mesmo inmovible, sempre que as mesmas teñan acceso propio e sexan susceptibles de ser utilizadas independentemente do resto de vivendas ou locais do edificio.

### Artigo 3. *Suxeitos pasivos*

1.—Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, xeral tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas, establecementos e instalacións de calquera uso ás que se lle preste o servizo de referencia, sexa a título de propietario ou usufrutuario, habitacionista ou arrendatario.

2.—Son suxeitos pasivos substitutos do contribuínte e obrigados ao pagamento da taxa, os propietarios e usufrutuarios das mesmas, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas aos usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

### Artigo 4.—*Responsables*

Serán responsables solidarios ou subsidiarios das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas consideradas para estes efectos segundo o disposto nos artigos 41 a 43 da Lei xeral tributaria.

### Artigo 5.—*Cota tributaria*

Código	Concepto	Cuota anual (€)
1	<i>Vivendas unifamiliares</i>	78,25
2	<i>Cafeterías, bares e similares</i>	
2.1	Sen servizo de comedor	145,62
2.2	Con servizo de comedor	341,24
3	<i>Restaurantes, con ou sen cafetería anexa</i>	
3.1	Até 100 m <sup>2</sup>	396,66
3.2	De mais de 100 m <sup>2</sup> até 250 m <sup>2</sup>	793,33
3.3	De mais de 250 m <sup>2</sup>	1.189,99
4	<i>Pensións, hostais e similares</i>	
4.1	Sen restaurante comedor	206,48
4.2	Con restaurante comedor	304,29
5	<i>Hoteis</i>	
5.1	Sen restaurante comedor	304,29
5.2	Con restaurante comedor até 250 m <sup>2</sup>	1.151,96
5.3	Con restaurante comedor de máis de 250 m <sup>2</sup>	1.722,50



Código	Concepto	Cuota anual (€)
6	<i>Moteis ..</i>	1.429,08
7	<i>Apart-hotéis</i>	
7.1	Por cada apartamento..	78,25
7.1	Por cada habitación..	34,78
8	<i>Parques de campismo</i>	4.107,92
9	<i>Salas de festas, discotecas, pubs e similares</i>	
9.1	Até 100 m2	304,29
9.2	De máis de 100 m2 até 250 m2 ..	608,58
9.3	De máis de 250 m2 até 500 m2..	950,91
9.4	De máis de 500 m2 . ..	1.336,70
10	<i>Supermercados, tendas de alimentación e similares</i>	
10.1	Até 50 m2	171,71
10.2	De máis de 50 m2 até 100 m2 .	260,82
10.3	De máis de 100 m2 até 250 m2	429,27
10.4	De máis de 250 m2 até 500 m2.	858,54
10.5	De máis de 500 m2	1.717,08
11	<i>Locais comerciais en xeral</i>	
11.1	Até 50 m2	145,62
11.2	De máis de 50 m2 até 100 m2 .	217,35
11.3	De máis de 100 m2 até 250 m2 .	364,06
11.4	De máis de 250 m2 até 500 m2.	728,12
11.5	De máis de 500 m2 .	1.456,24
12	<i>Talleres, industrias, almacéns e naves</i>	
12.1	Ate 50 m2 ..	171,71
12.2	De máis de 50 m2 até 100 m2	341,24
12.3	De máis de 100 m2 até 500 m2 .	608,58
12.4	De máis de 500 m2 até 1.000 m2 .	950,91
12.5	De máis de 1.000 m2 .	1.336,70
13	<i>Entidades bancarias</i>	1.385,61
14	<i>Locais destinados a actividades sanitarias</i>	364,06
15	<i>Despachos profesionais</i>	171,71
16	<i>Entidades e sociedades recreativas ou deportivas</i>	
16.1	Abetos, Ureca	2.379,98
16.2	Clubes náuticos ..	646,62
16.3	Outras Entidades e sociedades recreativas ou deportivas ..	190,18
17	<i>Instalacións de uso público</i>	
17.1	Residencias tempo libre	1.255,20
17.2	Piscinas ..	706,39
17.3	Centro de día .	364,06
17.4	Centros/residencias de día e noite e até 25 prazas..	682,50
17.5	Centros/residencias de día e noite de máis de 25 prazas.	1.157,39
17.6	Colexios privados ..	1.157,39
18	<i>Outros non incluídos no parágrafos anteriores</i>	145,62



En todos os conceptos nos que se teña en conta a superficie, tomarase a superficie total, incluída a superficie dos locais anexos ou afectos á actividade, de conformidade co establecido ao respecto no Imposto sobre Actividades Económicas (IAE), ou a superficie total que resulte das comprobacións que efectúe o Concello

*Artigo 6.—Beneficios fiscais*

1.—Aplicarase unha bonificación do 90 por 100 da cota da taxa aos suxeitos pasivos en situación de pensionistas ou desempregados que a soliciten e acrediten as condicións seguintes:

a) Habitar na vivenda que constitúe o obxecto tributario da taxa.

b) Non posuír o conxunto da unidade familiar, composta polo solicitante e as persoas que con el convivan, ingresos superiores ao salario mínimo interprofesional, incluíndo nos mesmos o subsidio de desemprego. A tal efecto, xunto coa solicitude de bonificación, deberán aportar as declaracións do IRPF dos integrantes de dita unidade familiar. No caso de que calquera ou todos os integrantes da mesma non formulasen declaración do IRPF, poñerase de manifesto esta circunstancia na solicitude e autorizarase ao Concello para que recabe da Axencia Estatal de Administración Tributaria a información necesaria a estes efectos sobre os devanditos ingresos.

c) Non ser propietario ou usufrutuario de bens urbanos, agás a propia vivenda habitual, sempre que esta teña un valor catastral inferior a 60.000,00 euros, nin ser titulares no exercicio de actividades comerciais, industriais ou profesionais suxeitas ao Imposto de Actividades Económicas.

d) As persoas en situación de desemprego terán que acreditar, ademais das anteriores condicións, que levan desempregados alomenos seis meses dentro dos doce anteriores ao devengo da taxa. A tal efecto, xunto coa solicitude de bonificación, deberán aportar certificación expedida polo Instituto Nacional de Emprego, que poña de manifesto tal circunstancia.

2.—A aplicación das bonificacións terá carácter rogado, de xeito que os interesados deberán solicitala por escrito, para cada exercicio, debendo presentar a correspondente solicitude entre o día 1 de outubro e o 31 de decembro de cada ano e, no caso de resultar estimadas, producirán efectos para o exercicio seguinte a aquel no que foran formuladas.

*Artigo 7.—Período impositivo e devengo*

O período impositivo coincidirá co ano natural coa excepción das declaracións de altas ou baixas a que se refire o artigo 8 desta Ordenanza, en que o período impositivo poderá coincidir cun semestre natural.



O devengo da taxa prodúcese o 1 de xaneiro de cada ano e as cuotas serán irredutibles agás que proceda o prorrateo por semestres naturais nos termos e supostos contemplados no artigo 8.

No caso de altas novas, o devengo da taxa prodúcese o primeiro día do semestre natural seguinte á data de declaración de alta.

*Artigo 8.—Declaración e liquidación*

1.—Os suxeitos pasivos formularán declaración de alta no padrón de contribuíntes da taxa, antes de iniciar a utilización do servizo. A primeira liquidación da taxa correspondente a estas altas, expediráselle con efectos do primeiro día do semestre natural seguinte á declaración de alta, e notificaráselle individualmente ao interesado.

2.—Se se utiliza o servizo sen mediar solicitude, darase de alta de oficio no padrón, expedíndose a correspondente liquidación que se notificará ao interesado, sen prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador por infracción tributaria.

3.—En relación a establecementos industriais, comerciais, profesionais, de artistas ou de outros usos, entenderase como declaración de alta nesta taxa a correspondente declaración de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, tendo efectos desde o primeiro día do semestre natural seguinte á data declarada de comezo de actividade.

Se os suxeitos pasivos do IAE, por estaren exentos, non estiveran obrigados á presentación formal da declaración de alta no imposto, deberán formalizar declaración de alta específica para a presente taxa, no rexistro xeral do Concello, nos mesmos prazos que para a correspondente alta no Censo de obrigados tributarios da Axencia Estatal de Administración Tributaria, tendo efectos dende o primeiro día do semestre natural seguinte á data da declaración de alta.

No caso de realizar unha actividade económica dentro dunha vivenda, procederá dar de baixa a esta na tarifa do lixo-vivenda, e alta simultánea na tarifa que lle corresponda á actividade que desenvolva.

A baixa terá efectos do último día do exercicio en curso, e a alta no do exercicio seguinte, evitando así a duplicidade impositiva.

4.—Unha vez producida a alta no padrón, a liquidación da taxa acomodaráse ao procedemento previsto para os tributos de cobro periódico por recibo.

5.—A baixa no padrón de contribuíntes da taxa será tramitada a instancia do suxeito pasivo, o cal a solicitará expresamente, e a presentará no rexistro xeral do Concello, surtindo efectos no padrón do exercicio seguinte ó da declaración de baixa.



6.—As variacións derivadas de cambio de titularidade ou constitución ou transmisión do dereito de usufruto, surtirán efectos para o exercicio seguinte a aquel no que se comunica ao Concello a transmisión ou constitución.

#### *Artigo 9.—Ingreso*

1.—As cotas desta taxa, liquidaranse e esixiranse, unha vez presentada a correspondente solicitude ou declaración de alta, nos termos descritos no artigo 8.1 desta Ordenanza.

Unha vez producida a alta, a taxa exaccionarase por padrón, esixíndose o importe da mesma no prazo sinalado mediante Decreto de Alcaldía, ou ben no prazo establecido no artigo 62.3 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, xeral tributaria.

2.—O ingreso efectuarase nas contas restrinxidas de recadación do Concello de Nigrán, abertas nas distintas entidades bancarias.

#### *Artigo 10.—Infraccións e sancións*

En todo o relativo a infraccións tributarias e as súas cualificacións, así como ás sancións que correspondan, estarase ao establecido no Título IV da Lei 58/2003 do 17 de decembro, xeral tributaria, así como no Real Decreto 2063/2004, de 15 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral do réxime sancionador tributario.

#### *Disposicións finais*

1ª.—Para todo o non previsto nesta ordenanza será de aplicación o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo; a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria; o Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, así como a restante normativa aplicable segundo a materia.

2ª.—Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano seguinte ao da súa publicación, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.

Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais.

